

trécolateatrobaixodaarealîlâítacamircr
ominapinconusseñorlópeztitiriterradoutor
monifateatrécolateatrobaixodaarealîlâít
acamircrominapinconusseñorlópeztitiriter
radoutormonifateatrécolateatrobaixoda
realîlâít
ztitiriter
aixoda
eñorlópe
ateatro
pinconu
ateatréc
rcromin
iorlópe
eatrob
nconuss
etrécol
romina
rmonif
tacami
rradou
tormonifateatrécolateatrobaixodaarealîl
âítacamircrominapinconusseñorlópeztitiri
terradoutormonifateatrécolateatrobaixod
aarealîlâítacamircrominapinconusseñorló
peztitiriterradoutormonifateatrécolateatr
obaixodaarealîlâítacamircrominapincon

CIRCUITO TEATRO PROFESIONAL 2021

CICLO MONICREQUES:

-  TRÉCOLA PRODUCCIONS
-  MIRCROMINA TEATRO DE TÍTERES
-  TITIRITERRA TÍTERES

TRÉCOLA PRODUCCIONES (Pol)

Saga de Flin Havardr.

Teatro de marionetas de fío con música en directo. Público familiar.

Sinopse: Eran as sagas unhas cantigas á heroicidade dos grandes guerreiros vikingos, fortes e valentes, que abandonaban as súas terras ermas e denostadas polo clima do norte, para zarpar nos seus drakar e conquistar outros pobos na procura de alimentos e tesouros.



Non é o caso de Flin Havardr... un pastor que tras vislumbrar nun sono as suas proezas como vikingo, emprendeu unha viaxe inesperada acompañado por unha tripulación canto menos peculiar, non especialmente fortes nin valentes, pero si sobrados de creatividade. Tras moitas aventuras, conseguirán chegar á mellor de todas as terras a conta da morriña dun dos seus tripulantes. Queda por ver se conquistarán ou serán conquistados...

Autoría: Montaxe propia da Compañía.

Dirección: Isabel Rey e Marcelino de Santiago "Kukas".

Titiriteir@s: Ero Vázquez e Isa García.

Música en directo: Pablo Pintor.

Duración: 50 minutos.

Espazo escénico: 7 m. de fronte x 7 m. de fondo x 3 m. de alto (mínimo requerido) Obra tanto de interior como de exterior.

Necesidades técnicas: a Compañía faise cargo das súas necesidades técnicas. Só precisan unha toma de corrente, acceso a servizos e un espazo para estacionar, descargar e cargar.

Disponibilidade: a partir do 23 de xullo segundo axenda.

Tolitates.

Teatro de obxectos, marionetas de fío, bunraku e guiñol. Público familiar.

Sinopse: Tolitates, movido por un impulso se cadra máis tolo ca el, saltase todos os sinais de perigo e escapa da cordura, sen pensar que sempre pode haber alguén máis transgresor.

Un gran elenco informal e atolondrado, que mostra pouco siso e seriedade no modo de actuar, arrastra ao público cara a unha gargallada continua sen precisar mediar palabra. Nesta obra, os títeres e os obxectos son os protagonistas da dramaturxia, obviando as palabras fronte á pantomima e a música, nun escenario máxico e cheo de segredos no que nin se intúe a figura do titiriteiro.



Autoría: Montaxe propia da Compañía.

Dirección: Isabel Rey e Marcelino de Santiago "Kukas".

Titiriteir@s: Ero Vázquez e Isa García.

Duración: 45 minutos.

Espazo escénico: 2,50 m. de fronte x 2 m. de fondo x 2,50 m. de alto (mínimo requerido) Obra tanto de interior como de exterior.

Necesidades técnicas: a Compañía faise cargo das súas necesidades técnicas. Só precisan unha toma de corrente, acceso a servizos e un espazo para estacionar, descargar e cargar.

Disponibilidade: segundo axenda.

Show de Baralocas.

Pantomima mesturada cunha coidada manipulación de obxectos. Todos os públicos.



Sinopse: Abrollan os títeres na escea dende o maxín de Baralocas. Gasas, cintas, cordas, fíos... calquera elemento cotián colle vida cando se cruza no camiño do extrambótico protagonista deste show. Baralocas é un ser despistado e apaixonado que en cada obxecto, sombra ou mesmo na palma da man, atopa un xogo, unha ilusión que vai medrando ata que enreda e esvara con todo, conseguindo lograr a maior desfeita nunca imaxinada.

Autoría: Montaxe propia da Compañía.

Dirección: Isabel Rey e Marcelino de Santiago "Kukas".

Actor e titiriteiro: Ero Vázquez.

Duración: 50 minutos.

Espazo escénico: 8 m. de fronte x 6 m. de fondo x 2,50 m. de alto (mínimo requerido) Obra de interior.

Necesidades técnicas: a Compañía faise cargo das súas necesidades técnicas. Só precisan unha toma de corrente, acceso a servizos e un espazo para estacionar, descargar e cargar.

Disponibilidade: segundo axenda.

MIRCROMINA TEATRO DE TÍTERES (Mondoñedo)

Ton Arenas 617 353 140
tonarenas@gmail.com
www.mircromina.es

Historias para unha man.

Espectáculo clásico de títeres de luva. Público infantil e familiar.



Sinopse: Espectáculo sen palabras, poético e delicado, que xira en torno a esas cousas da vida que nos pasan a todos. Está composto de catro delicadas pezas do cotián: o Soño, a Pingueira, Historias con froes e o Impo, todas elas conducidas polas mans que poñen e quitan do escenario, pois estas son a alma dos títeres.

Autoría: Guaira Castilla.

Dirección: Arturo Pérez.

Titiriteiro: Ton Arenas.

Duración: 45 min.

Espazo escénico: espectáculo de sala, 5 m. de fronte x 3 m. de fondo x 2,5 de alto (mínimo requerido).

Necesidades técnicas: a Compañía pode facerse cargo das súas necesidades técnicas, só precisa toma de corrente.

Disponibilidade: segundo axenda.

Mirages.

Espectáculo de monicreques e música en directo. Todos os públicos.

Sinopse: Espectáculo de monicreques e música en directo baseado nas "Cantigas de Santa María" de Alfonso X O Sabio, o primeiro poeta alófono galego. Unha selección integrada por un total de 9 pezas que representan outros tantos mirages realizados pola Virxe, acompañadas polas cantigas interpretadas en directo e con escenografía baseada nas miniaturas dos códices orixinais.

Autoría: espectáculo de autoría propia baseado nas Cantigas de Alfonso X.

Dirección: Mircromina.

Titiriteiros e actores: Arturo Pérez e Ton Arenas.

Música en directo e Voces: Uxía Muíño e Bernardo Martínez.

Duración: 55 min.

Espazo escénico: espectáculo de sala, 6 m. de fronte x 5 m. de fondo x 2,5 de alto (mínimo requerido).

Necesidades técnicas: a Compañía pode facerse cargo das súas necesidades técnicas no caso de que o espazo no que actúen non dispoña do que precisan

Disponibilidade: segundo axenda.



TITIRITERRA TÍTERES (SARRIA)

Martín Vázquez 696 942 614
titiriterra@gmail.com

Belarmina, a fabulosa Velutina.

Teatro de títeres (bocóns). Público infantil e familiar.

Sinopse: Despois dun ataque á colmea, a abella Mel, decide saír (acompañada do seu servinte por imposición da súa nai) a unha cita coa súa amiga do facebook Belarmina, a cal é unha vespa velutina que, sen ter conciencia da súa condición, pensa que tamén é unha abella. Cando se atopan xurde un conflito entre o desexo de amizade e a pulsión biolóxica irrefrenable da vespa por devorar á abella. Isto leva a sucesivas confusións e a divertidas situacións das que a abella vai saíndo airosa. O debate entre a amizade e a cadena trófica vai gañando en intensidade ata que un feito pouco previsible provoca un desenlace inesperado e inspirador.



Autoría: creación propia da Compañía a partir dunha idea orixinal de Gustavo Fouce.

Dirección: Titiriterra.

Actores: Verónica Quintela, Martín Vázquez e Gustavo Fouce.





Duración: 40 min.

Espazo escénico: 4 m. de fronte x 4 m. de fondo (mínimo requerido) Obra totalmente adaptable. Espectáculo de interior

Necesidades técnicas: A Compañía faise cargo das súas necesidades técnicas no caso de que no espazo da actuación non conten coa técnica mínima esixida.

Disponibilidade: a partir de mediados de outubro, segundo axenda.

CICLO MIÚDOS SERÁNS:

-  LÎLÂ TEATRO
-  UBÚ TEATRO
-  PRODUCIÓNS SEÑOR LÓPEZ
-  A COMPAÑÍA SOLITARIA DO DR. MONIFATE

LÎLÂ TEATRO (Lugo)

Lara Regueira 649 062 210
Lines González 676 452 878
animalila@hotmail.es

Rara Avis.

Todos os públicos.



Sinopse: Paloma é un deses seres que cando camiñan parecen non tocar o chan, como se levara unhas ás invisibles adheridas ás súas costas que, ademais de alixerar o seu peso, a dotan dun halo digamos que “diferente”.

A través da empatía, a coraxe, a perseverancia e sobre todo o sentido do humor, é como Paloma logra reconciliarse co seu pasado, disfrutar do presente e propoñer un futuro esperanzador. Ela, coma ninguén, é capaz de demostrar que nunca é tarde para comezar de novo.

Rara Avis fai honra a todas as criaturas excepcionais que buscan o seu lugar no mundo.

Autoría: obra propia da Compañía.

Dirección: Lílã Teatro.

Actriz: Lines Lakers

Duración: 70 min.

Espazo escénico: 5 m. de fronte x 4 m. de fondo (mínimo requerido) Obra de interior.

Necesidades técnicas: a Compañía faise cargo das súas necesidades técnicas no caso de que o espazo non dispoña da equipación necesaria, só precisan de tomas de corrente.

Disponibilidade: segundo axenda.

Duncan de Palleiro.

Público infantil - familiar a partir de 3 anos.

Sinopse: Así é como transcorre un día na vida dun can, pero non dun can calquera. Trátase dun can moi especial que pertence a unha raza mítica, lendaria e con moito prestixio: a de Palleiro. Este can é Duncan de Palleiro, o príncipe das corredoiras.

Duncan leva unha vida sinxela á beira do seu amo Aurelio e dos seus amigos, veciñas e rébanos de sempre, nunha pequena aldea no medio das montañas, chamada Oubidos, da que se sente moi fachendoso.

Duncan ama profundamente aos nenos e ás nenas, e alí onde vai leva consigo unha gran sorpresa que non deixa a ninguén indiferente. Amizade, amor e liberdade son as palabra que máis lle gustan a Duncan de Palleiro.



Autoría: obra propia da Compañía.

Dirección: Lílã Teatro.

Actrices: Lines Lakers e Lara Manzano.

Duración: 60 min.

Espazo escénico: 5 m. de fronte x 4 m. de fondo (mínimo requerido) Obra tanto de interior como de exterior.

Necesidades técnicas: a Compañía faise cargo das súas necesidades técnicas no caso de que o espazo non dispoña da equipación necesaria, só precisan de toma de corrente.

Disponibilidade: segundo axenda.

UBÚ TEATRO (Lugo)

Ana Carreira 606 607 648
anacarreirav@gmail.com

O vixiante dos soños.

Teatro con monicreque. Público familiar a partir de 3 anos.

Sinopse: Sonólicus quere chegar á lúa desde pequeno. Busca no reflexo das pozas e dos espellos, sube ás caixas amoreadas e aos tellados, e tantos esforzos fai por conseguilo e tanto estira os brazos cara á lúa, que lle medran ata a deformidade. O seu empeño semella unha fantasía infantil da que a nai é testemuño. Unha noite acaba de medrar e, non só acada o seu obxectivo de acompañar á lúa, senón que se converte para sempre no vixiante do sono e dos soños infantís.



Autoría: Ana Carreira.

Dirección: José Campanari.

Actrices e titiriteiras: Marga Portomeñe e Ana Carreira.

Duración: 45 min.

Espazo escénico: espazo mínimo requerido de 6 m. de boca x 4 m. de fondo. Espectáculo de interior.

Necesidades técnicas: adaptanse ás posibilidades do espazo.

Dispoñibilidade: segundo axenda.

PRODUCCIONES SEÑOR LÓPEZ (Lugo)

A viaxe do Señor López.

Público familiar.

Sinopse:

O señor López é unha persoa solitaria, triste e gris. Un día calquera acontecelle unha desas cousas solitarias, tristes e grises tan características do mundo dos adultos e a partir dese momento todo cambia. Monta unha compañía de teatro. Aprende a contar chistes. Fala idiomas inventados. Viaxa nunha balsa por un mundo cheo de cores e alegría. O señor López convértese nun paxaro-inuit. Úneste á súa viaxe?



Autoría: Rubén Pérez Pombo.

Dirección: Rubén Pérez Pombo.

Actor: Rubén Pérez Pombo.

Duración: 50 min.

Espazo escénico: espazo mínimo requerido de 6 m. de boca x 4 m. de fondo x 6 m. de alto. Espectáculo tanto de interior como de exterior.

Necesidades técnicas: adáptanse ás posibilidades do espazo escénico, conta coa súa propia equipación.

Disponibilidade: segundo axenda.

**A COMPAÑÍA SOLITARIA
DO
DR. MONIFATE
(Outeiro de Rei)**

Gustavo Fouce 617 762 757
gustavofouce@gmail.com

Cancións de animais para nenos case normais.

Teatro musical. Público infantil e familiar

Lombao (que antes se chamaba Gutiérrez e cambiou de nome cando foi vivir a Outeiro de Rei) é un novo granxeiro. Decidiu deixar a vida na cidade e irse vivir ao rural. Conseguiu animais para a súa granxa e púxose a plantar. De súpeto decatouse de que empezaba a entender o que falaban os animais. Non é que falasen coma nos, pero dician cousas e tiña que estar moi atento para entendelos. Pouco a pouco fíxose amigo do gato Federico, do galo Leodegario, de Frodo o chibo, dos gansos... Cántalles poemas da Terra Chá e comeza a facer cancións con eles como protagonistas aínda que tamén lle canta ao vento, a choiva... Coas cancións, Lombao vailes presentando aos nenos as particularidades de cada un dos animais que viven na granxa, dándolles unha personalidade ao tempo que debuxa unha paisaxe rural.



Autoría: Gustavo Fouce a partir de textos de Manuel María.

Dirección: Gustavo Fouce.

Actor e músico: Gustavo Fouce.

Duración: 45 min.

Espazo escénico: 3 m. de fronte x 3 m. de fondo (mínimo requerido) Obra totalmente adaptable. Espectáculo tanto de interior como de exterior.

Necesidades técnicas: A Compañía faise cargo das súas necesidades técnicas no caso de que no espazo da actuación non contén coa técnica mínima esixida.

Disponibilidade: segundo axenda.

CICLO SERÁNS TEATRAIS:

-  ÍTACA TEATRO
-  TEATRO BAIXO DA AREA
-  PINCONUS TEATRO

ÍTACA TEATRO (Lugo)

Cinco minutos sen respirar.

Teatro Contemporáneo. Público a partir dos 13 anos.

Sinopse:

"A poesía é a única proba concreta da existencia do home" (Luis Cardoza y Aragón)



Nunha tenda por departamentos, un empregado e unha cliente atópanse na sección de libros. El rematando a súa xornada laboral e ela buscando unha excusa para non chegar á casa. Os dous, a esa hora e nese día, teñen unha certeza común: o desexo de que non os atopen.

Esta obra retrata os anhelos, o medo e a escuridade que pode albergar unha persoa a través dos seus dous personaxes: Margarita, (ex)empregada de Banca, e Victor, supervisor nun supermercado.

Cinco minutos sen respirar fala da vida, dos

abusos bancarios, do amor, da explotación laboral, do suicidio, da familia, da violencia... e de tantas outras cousas, que non dá tempo a resumir en cinco minutos.

Autoría: Gustavo Ott.

Dirección: Carlos Neira.

Elenco: Elea López e Carlos Rebolo.

Duración: 75 min.

Espazo escénico: 6 m. de fronte x 4 m. de fondo (mínimo requerido) Obra de interior.

Necesidades técnicas: a Compañía pode facerse cargo das súas necesidades técnicas, no caso de que o espazo onde actúen non dispoña do que precisan


Dispoñibilidade: segundo axenda.

Anacos.

**Historias vividas, escoitadas ou simplemente construídas no imaxinario do cotiá.
Público a partir dos 13 anos.**

Sinopse:

As lembranzas van aparecendo nas nosas vidas sen pedir permiso. Un cheiro, un sabor, unha foto, os primeiros acordes dunha canción ou mesmo o silencio dunha tarde, calquera tarde, nos invade e nos convida a viaxar pola memoria. Así, pouco a pouco, van agromando imaxes que nos levan a outros tempos vividos e fannos andar por camiños xa transitados. Cando estamos en soidade adoitamos gozalos saboreando ese instante que flota no aire e se instala na alma. Cando estamos en compañía tratamos de reconstruílos con palabras para compartir as historias que se gardan neses anacos.



Autoría: Carlos Rebolo.

Asesoramento externo: José Campanari.

Contador de historias: Carlos Rebolo.

Duración: 50 min.

Espazo escénico: Espazo escénico mínimo de 3m de fronte x 2m de fondo.

Necesidades técnicas: a Compañía farase cargo das súas necesidades técnicas, no caso de que o espazo onde actúen non dispoña do que precisan. Só precisan dun punto de luz.

Preferencia de datas: segundo axenda.

TEATRO BAIXO DA AREA (Lugo)

Paloma Lugilde 649 948 266
produtora.palomalugilde@gmail.com
pombausua@hotmail.com
www.produccionspalomalugilde.es

Poeta en Nova York.

Teatro Contemporáneo. Público maior de 14 anos



Sinopse: adaptación teatral da recoñecida obra de Federico García Lorca, unha obra permanentemente moderna e de irremediable actualidade, nunha proposta escénica contemporánea, abordando as temáticas e os conceptos presentes no poemario, dende a experimentación e a honestidade. Cando Lorca chegou a Nova York, esta cidade absorbeuno, mesturándose na súa unha aparente felicidade cunha profunda angustia vital derivada das súas circunstancias persoais (desengano amoroso, desencanto intelectual e crise creativa) Da man do poeta, viaxaremos por un Nova York nada lonxano aos temas actuais, para facer unha labor de denuncia dende o compromiso social.

Autoría: montaxe baseada na edición de Mario Hernández dos manuscritos neiorquinos *Poeta en Nueva York, otras hojas y poemas*, facendo a dramaturxia Paloma Lugilde.

Dirección: Paloma Lugilde.

Elenco: Raquel Velasco, Miguel Torres e Paloma Lugilde.

Duración: 70 min.

Espazo escénico: ideal para facer en exterior sendo o espazo mínimo requerido de 8 x 8 (o público colócase ao redor do escenario en asentos aportados pola Compañía, gardando as distancias de seguridade) No caso de non poder facerse así, habería a posibilidade de facelo á italiana

Necesidades técnicas: a Compañía pode facerse cargo das súas necesidades técnicas, no caso de que o espazo onde actúen non dispoña do que precisan.

Dispoñibilidade: segundo axenda.

PINCONUS TEATRO

(Lugo)

Carlos Coira 616 635 525
carloscoira@gmail.com
pinconus@gmail.com

Pinconus

Comedia musical para toda a familia



Sinopse: Un día calquera, unha estación de tren, tres persoas que queren viaxar, unha billeteira que ven e que vai... Estación de orixe: Aquimesmo. Destino: Pinconús, ese lugar ao que todos quieren ir pero a que moi pouca xente se atreve. Unha espera de absurdos encontros e desencontros mentres o tren está por chegar.

Autoría: José Campanari

Dirección: José Campanari

Elenco: Marga Portomeñe, Ana Carreira, Carlos Reboló e Carlos Coira

Duración: 65 min.

Espazo escénico: 6 m. de boca x 4 m. de fondo x 3 m. de altura (espazo mínimo requerido)

Necesidades técnicas: a Compañía pode facerse cargo das súas necesidades técnicas no caso de que o espazo no que actúen non dispoña do que precisan

Disponibilidade: segundo axenda